

## OS NOMES DAS VACAS EN SANTO ESTEVO<sup>1</sup>

M<sup>a</sup> Carme Pazos Balado  
*Universidade de Vigo*

Entre os animais que convivían coa xente das nosas aldeas había algúns que recibían un nome identificativo e outros que non. Dábaselles un nome ós cans e ás vacas e, en ocasións, ás bestas, aínda que as denominacións destas dependían unicamente da cor (*Roxa, Castaña, etc.*), mentres os dos cans e as vacas presentan unha maior variedade.

O primeiro que detectamos ó ocuparnos deste tema é que a mudanza en canto á raza das vacas que crían os labradores supuxo cambios importantes no relativo ós nomes aplicados ós animais, se ben preguntando por nomes dados ás vacas en décadas pasadas que recordaban os informantes, considero que se podería falar dunha evolución continua nas tendencias, o que supuxo o mantemento de certos nomes e a paulatina perda doutros.

A modernización e ampliación das explotacións fixeron, por unha banda, que se dese un progresivo abandono das razas vacúas tradicionais e se fosen substituíndo por outras, buscando fundamentalmente un incremento na produción leiteira (hoxe, dadas as limitacións coas que se atopan os produtores de leite, tamén hai algunha dedicada á cría de reses para o consumo). E, ademais do cambio de raza, os agricultores incrementaron o número de reses ata o límite do que as respectivas explotacións permitían.

Isto, con relación ó tema que nos ocupa, tivo principalmente as seguintes consecuencias: primeiramente, denominacións usadas tradicionalmente como as relativas á cor do animal, estaban abocadas á desaparición. Por outra banda, as reses pasaron a levar un número identificativo, o que motivou que nalgún caso o propietario deixase de identificalas mediante nomes e utilizase directamente este número, ou alternasen os dous sistemas, nomes e números. E, ademais, tamén se variaron os procedementos para a adquisición das vacas e hai produtores que optan por mercar animais procedentes do estranxeiro que traen, entre a documentación regulamentaria, un nome que o comprador pode optar por conservar, o que supón a introdución de nomes innovadores e insólitos.

M<sup>a</sup> Carme Pazos Balado

Ó considerarmos, pois, que a mudanza propiciou unha ruptura, aínda que parcial, coas denominacións que se viñan empregando, optamos por clasificarlos nomes, en primeiro lugar, en dous grandes grupos, que denominaremos respectivamente tradicionais e innovadores. O criterio utilizado para incluí-los nomes nun ou noutro grupo dependerá de que aparezan antes ou despois da introdución das novas razas nas explotacións. Dicimos que a ruptura foi parcial porque, por unha banda, algúns nomes utilizados na actualidade para estas novas vacas xa apareceron aplicados ós cruzamentos da raza tradicional con outras e, pola outra, os nomes tradicionais máis frecuentes perviviron en gran parte ata a actualidade.

### 1. Nomes tradicionais

Ata datas relativamente recentes o número de vacas con que contaba cada familia oscilaba arredor da media dúcia. Ademais, dentro de cada casa había unha tendencia, que continúa hoxe, a manter certos nomes. Así, o repertorio de denominacións era bastante limitado, pois se deixaban de ter unha vaca que se chamase, por exemplo, *Linda*, en canto criaban outra volvíanlle adxudicá-lo mesmo nome.

Cada casa tiña a súa tradición, as súas preferencias en canto ós nomes, pero veñen coincidindo os máis frecuentes cos que se foron repetindo ata a actualidade. O nome máis documentado na actualidade e sinalado en maior número de ocasións como 'da casa de sempre' é o de *Linda*. Seguen a este, con frecuencia similar, *Cachorra*, *Gallarda*, *Roxa*, *Rubia*, *Xovenca* ou *Xuvenca*, *Parda*, *Toura*, *Morena* e *Marela*.

Outros nomes que recordaban os informantes de máis idade, e que podemos situar nos anos cincuenta e sesenta, e quizais nalgún caso na primeira metade do século XX, foron desaparecendo, como *Prica*, que probablemente gozou de certa difusión noutro tempo, e que datamos, no caso máis recente, un cuarto de século atrás.

#### 1.2. A cor

A motivación máis clara á hora de adxudicarlle un nome a un animal vén dado pola cor ou o ton da súa pel.

Dentro das coñecidas comunmente como 'vacas do país' ou raza rubia, establécese unha gradación distinguindo entre as de pel rubia que tira máis a un amarelo escuro e as que tiran a un encarnado escuro. As primeiras non tiñan unha denominación específica, pero debían ser consideradas máis fermosas, porque en moitas ocasións eran chamadas *Linda* e ó pedir unha descrición dise que eran 'rubia de pel clara' ou 'de pel lustrosa', e, efectivamente, este ton ten máis brillo. Referido a unha vaca do país de pel clara atopamos un nome insólito para unha vaca como é o de *Perla* (era frecuente aplicado ás cadelas). Pode resultar significativo que este nome «distinguido» aplicóuselle a unha vaca pertencente á familia máis importante do lugar.

Pola súa banda, as de ton máis escuro, tirando a un encarnado escuro ou a un castaño claro, ou máis 'acedas' para utiliza-la terminoloxía do lugar, recibían principalmente o nome de *Rubia*.

Podemos falar neste caso dun nome especializado, xa que en tódalas ocasións en que atopamos *Rubia* aplicado a unha vaca do país esta era sempre de cor 'aceda'. Non era, con todo, o único nome que podían recibir estes animais referido á súa cor, senón que había medio século atrás outros como *Vermella* e *Cereixa* [θrejja], debidos, podemos pensar, a que nesta variedade predominan as notas vermellas. Destes, *Vermella* debeu ser relativamente usual, se ben ningún dos dous chegou a datas recentes.

De cruzar esta raza autóctona con outras foráneas resultaron, por un lado, as de cor amarela clara tirando máis ou menos a un branco escuro, que contan cunha denominación exclusiva, son as chamadas *Marela*. Nun caso en que o resultado era practicamente branco, aparece por primeira vez *Paloma*, utilizado xa a principios da década dos setenta e hoxe habitual para as vacas brancas e negras.

Pero tamén se podían obter vacas de cores máis escuras. Aquelas de cor gris, da cor da cinsa, recibían con frecuencia o nome de *Parda*, aínda que ás veces tamén se chamaban *Roxa*<sup>2</sup>.

Outras vacas resultaban de cor loura, unha cor entre granate escuro e marrón. A estas aplicábaselles preferentemente o nome de *Morena*, ou tamén *Loura*, e mesmo podemos atopar algunha chamada *Parda* dentro desta variedade, se ben, como quedou indicado, este nome era principalmente para as grises. As de nome *Loura* acostumaban presentar unha cor 'máis avivada', é dicir, máis brillante.

Por último, outras eran totalmente negras e chamábanse habitualmente *Mora* ou *Negra*.

Temos, pois, entre as denominacións que consideramos tradicionais referidas á cor seis gradacións, que irían do branco escuro ou amarelo claro ó negro, pasando polo rubio máis claro, rubio máis escuro, cor loura e gris.

A cor da pel podía non ser uniforme e presentar áreas de distinta pigmentación. Neste caso estarían as primeiras chamadas *Careta* que, sendo do país, presentaban a cara de cor branca ou dun ton máis claro có resto do corpo.

Se a vaca presentaba o fociño negro ou áreas negras no fociño ou mesmo no pescozo podía recibir-lo nome de *Teixa*. O adxectivo teixo utilízase ás veces mesmo aplicado a persoas ou ás pezas de roupa que levan co significado de 'sucio', é dicir, que presenta unha cor escura, aínda que neste caso debida á sucidade.

### 1.3. Outras características

Atopamos dous nomes derivados da forma dos cornos: *Broca*, para unha que presenta os cornos afiados cara a adiante, é dicir, semellantes ós obxectos utilizados para perforar, e *Calva* para outra que, ó contrario da anterior, tiña os cornos orientados cara a atrás, e probablemente dese a impresión de non os ter.

Cómpre termos en conta que no momento en que se aplicaba un nome a unha becerria esta aínda non acabara de medrar, e aínda non estaban as súas características físicas totalmente definidas, polo que, á parte da cor, que permanecía inalterada, é difícil tratar de rastrexar outras motivacións que estean na orixe dos nomes.

M<sup>a</sup> Carme Pazos Balado

Contrastando a información recollida, deducimos certas asociacións entre a figura física e determinados nomes. Por exemplo, as chamadas *Cachorra* eran principalmente vacas de cabeza ancha ou cos cornos abertos, polo que poderíamos pensar que se asociaba o nome cun animal de aspecto forte visto de fronte.

Pola súa banda *Príca* semella ser un nome axeitado para una becerria de aspecto tenro, parecida, dentro do que cabe, a unha ovella ou perica, e esa debeu se-la súa orixe, porque nas ocasións en que o atopamos aplicábase a unha vaca que se consideraba bonita ou ben feita.

Coa boa presenza debía estar relacionada a orixe de nomes como *Gallarda*, *Garrida* ou *Garbosa*, adxectivos que poden resultar rechamantes pola súa escasa presenza na fala, cando menos na lingua coloquial, pero que como nomes aplicados ó gando vacún gozaron de éxito. O de *Gallarda*, moi habitual, aparece en varios casos como nome que se perpetúa dentro das vacas dunha familia, e continúa utilizándose hoxe en día cunha frecuencia elevada. Os outros dous mencionados, *Garrida* e *Garbosa*, non deberon ter continuidade na segunda metade do século XX.

Tamén atopamos nomes referidos á idade da vaca, que tendo en conta que recibía o nome cando era unha becerria ou unha vaca nova, serán nomes alusivos á súa pouca idade. Neste caso estarían derivados de substantivos como *Cuxa* e *Xovenca* ou *Xuvenca* ou de adxectivos coma *Nova*. Destes, o máis habitual, e que pervive aínda, é o de *Xovenca* ou *Xuvenca*, mentres que *Cuxa* non vimos que fose frecuente e *Nova*, que tampouco debeu ser excesivamente usual, non se debeu aplicar na segunda metade do século XX.

## 2. Nomes actuais

Entre as denominacións máis frecuentes, aquelas non asociadas coa cor tiñan máis probabilidades de pervivir, e, de feito, continuaron aplicándose para as vacas das novas razas. Así, nomes coma *Cachorra*, *Gallarda*, *Linda*, *Mora*, *Morena*, *Pastora*, *Romera* ou *Xovenca* continúan figurando entre os máis utilizados xunto cos referidos ás novas cores que se introduciron.

### 2.1. A cor

A variedade de cores mencionada con relación á raza tradicional ou ós cruzamentos desta con outras redúcese enormemente agora. A maioría das vacas que atopamos actualmente nas explotacións son de cor branca e negra e o primeiro nome que se lles aplicou foi o de *Pinta*.

Dentro destas, as diferenzas obedecen ó predominio dunha ou outra cor. Se a vaca é branca ou practicamente branca aparece a denominación de *Blanca*, e cando o predominio do branco é algo menor, *Paloma*. Pola contra, se prevalece o negro os nomes máis habituais son *Mora*, *Morena* ou *Negra*.

Aínda que o característico destas vacas son as manchas de cor, continúa tendo importancia a aparición dunha mancha branca na cara ou que a cara sexa totalmen-

te branca, e séguese utilizando para estes animais o nome de *Careta*, que alterna nalgunha ocasión con *Roxa*.

Outra variedade, menos habitual, é a que presenta as manchas brancas e castañas, e o nome que se lles aplica preferentemente a estas é o que coincide co utilizado para denominar esta variedade, *Pasiega* (nun caso atopámo-la variante *Paxega*).

## 2.2. Outras características

Nomes baseados noutras características do animal independentes da cor recolleunos unicamente un, *Mona*, adxectivo habitual para referirse a un animal que non presenta cornos (moi frecuente é, por exemplo, falar das *cabras monas*). Como na actualidade resulta común que ás vacas se lles eliminen os cornos, trátase dun nome totalmente axeitado, aínda que non atopamos que fose frecuente.

## 2.3. Denominacións novas e innovadoras

Á parte das denominacións que apareceron ou desapareceron condicionadas pola súa referencia á cor, parece evidente que se produciu un cambio nas preferencias, debido ó cal, a carón de nomes de sempre que se foron mantendo, irromperon outros, que os informantes consideraban como 'máis modernos'. É o caso de nomes coma *Cuca*, *Lucera*, *Parrula* ou *Silva*. Así pois, os nomes dados ás vacas non permanecen alleos ás modas, se ben de momento a súa introdución aínda é reducida.

Outra tendencia, de momento pouco estendida, consiste en adxudicarlles ás vacas nomes que tradicionalmente se empregaban na onomástica persoal ou os correspondentes diminutivos, e encontramos vacas chamadas *Estrellita*, *Karina*, *Laura* ou *Margarita*.

Os motivos que orixinan os nomes poden ser moi variados. Os autores das denominacións tampouco aclaran moito sobre este punto, e din que calquera cousa pode ser motivo de inspiración, coma unha marca de penso (faláronnos dunha vaca chamada *Biona* aínda que non atopamos ningunha neste lugar), un topónimo local, como *Mota*, ou unha flor, como *Mimosa* (tamén se podería tratar este caso dun castelanismo por *mequeiro*). A procedencia do animal pode resultar determinante, pasando a funcionar como nome o xentilicio. Temos exemplos como *Francesa* ou *Holandesa* e tamén nos mencionaron unha chamada *Navarra*.

Nas explotacións máis modernas e numerosas conviven tódolos vistos ata o momento con outros importados directamente do estranxeiro co animal. Adóptase sen máis o nome que figura na documentación da res. Ese é o motivo de que polas nosas aldeas haxa vacas chamadas *Bremer*, *Iza*, *Modina*, *Pati*, *Tana*, *Uldra* ou *Zeta*.

## 2.4. Desviacións nas denominacións

Co paso do tempo parece nalgúns casos que se vai perdendo a relación entre o nome e o seu significado primeiro, pasando a utilizarse con animais que non presen-

M<sup>a</sup> Carme Pazos Balado

---

tan as características agardadas para a denominación. Así, por exemplo, temos casos en que *Blanca* era unha vaca pinta sen máis, o mesmo que *Mora*, *Negra*, *Paloma* ou *Roxa*; ou *Pasiega* unha vaca branca e negra; ou *Paxega* unha vaca do país.

Mesmo un nome tan asociado a unha raza determinada coma *Rubia* aparece nun caso aplicado a unha vaca branca e castaña, se ben poderíamos pensar neste caso na proximidade entre as manchas de cor castaña e a cor da raza tradicional na súa versión máis escura.

#### 4. Conclusións

Considero que os fenómenos que detectamos nos nomes do gando son semellantes ós ocorridos coa onomástica persoal: existencia de tradicións familiares, abandono de denominacións tradicionais, introdución de nomes que se senten como modernos ou, noutras ocasións, de nomes alleos, busca de inspiración en temas novos, mesmo poderíamos ter casos en que se tratase de marcar diferenzas sociais.

Ó mellor resulta que os animais acaban por parecerse ós donos, cando menos no relativo ós nomes que reciben, xa que os donos manifestan as súas preferencias, e as tendencias marcan estas preferencias, en tódalas denominacións de que son responsables, e utilizan os mesmos criterios á hora de escoller na onomástica persoal e na aplicada a outros seres.

Resulta frecuente que alguén se queixe de que as persoas somos consideradas como simples números en demasiadas ocasións. Pois ben, tamén ese trato se repite coas vacas, que deixan de ser coñecidas por un nome cada vez en máis granxas para pasar a ser simples números.

#### NOTAS

1. Os datos para a realización do presente traballo recolléronse na parroquia de Santo Estevo, pertencente ó concello de Arzúa.
2. Nesta zona *roxo* non ten o significado de 'cor que tira a vermello', senón do 'que tira a branco'. Así, *besta roxa* era a de cor gris ou branca, e existe incluso a expresión *estar roxo coma un cerro* para indicar que alguén ten o pelo totalmente branco.